



OFICIOS EN ACCIÓN 25 CENTRO ÁGORA A CORUÑA

Patrocinado por: ARTESANÍA DE GALICIA XUNTA DE GALICIA
Concello da Coruña
Organizado por: GALEGA DE ARTESANÍAS
oficioarte
EUROPEAN UNION COI FUNDESARTE

Programación Oficios en Acción

Aula 5

Chueco.

Elaboración dun moedeiro dende o inicio pasando por todo os procesos de elaboración; marcaxe, cosido, pegado e personalización do moedeiro. Quendas de 3 horas. Mañá e tarde. 5 persoas por quenda. Pódese participar a partir dos **10 anos**.

Mioco Deseños

Obradoiro de pregado de libros. Os participantes poderán pregar as follas dun libro a través dunha plantilla con forma de corazón. Quendas de 3 horas. Mañá e tarde. 6 persoas por quenda. Pódese participar a partir dos **14 anos**.

Aula 6

Casperlota

Obradoiro onde a partir dunha lámina de papel de algodón, aplicaranse algúns puntos de bordado combinados con imáxenes para obter un resultado único e persoal. Quendas de 1,5 horas. Dúas pola mañá e dúas pola tarde. 7 persoas por quenda. Pódese participar a partir dos **8 anos**.

Artesanía Nia

Elaboración de canudos co punto básico de Miyuki, cos que poder crear complementos a gusto da persoa participante: pulseiras ou colgantes. Quendas de 3 horas. Mañá e tarde. 8 persoas por quenda. A participación é a partir dos **14 anos**.

Aula 7

Jatafarta

Elaboración dun pousavasos de coiro a partir de pezas xa recortadas con forma de cadrado, rombo, hexágono ou ondas e cosidas con fío de distintas cores. Quendas de 1,5 horas. Dúas pola mañá e dúas pola tarde. 6 persoas por quenda. Pódese participar a partir dos **10 anos**.

Códice

Introducción as técnicas de encadernación artesanal xaponesas Yotsume Toji e Kangxi. Quendas de 1,5 horas. Dúas pola mañá e dúas pola tarde. 6 persoas por quenda. Pódese participar a partir dos **10 anos**.

Aula 8

Hana no Boshi

Deseño e confección dun toucado con estrutura etérea en Sinamay, fibra vexetal natural. **Imprescindible ter coñecementos básicos de costura.** Quendas de 3 horas. Mañá e tarde. 5 persoas por quenda. Pódese participar a partir dos **12 anos**.

Mario López

Elaboración dunha cunca tradicional xaponesa empregando a técnica oriental Kurinuki. Quendas de 3 horas. Mañá e tarde. 4 persoas por quenda. Pódese participar a partir dos **15 anos**.

A Feitura

Elaboración dunha peza de xoiería mediante a técnica de modelado en cera e a súa posterior fundición. Quendas de 3 horas. Mañá e tarde. 8 persoas por quenda. Só para adultos.

Aula 9

Víctor Ares

Elaboración de pezas elaboradas con técnica de *churros* ou copiando unha peza de mostra, para a reprodución de partes do corpo, nariz, boca, ollos, orellas... coa técnica do modelaxe. Quendas de 1,5 horas. Dúas pola mañá e dúas pola tarde. 10 persoas por quenda. Pódese participar a partir dos **6 anos**.

Antolín Piel

Elaboración dun tarxeteiro de coiro empregando varias técnicas do oficio de marroquinaría. Quendas de 3 horas. Mañá e tarde. 5 persoas por quenda. Pódese participar a partir dos **16 anos**.

Las Flores de Greta

Obradoiro de Ecoprint, centrado no proceso de estampado, onde cada participante poderá estampar con follas e flores un pano de 55x55cm. Despois os panos previamente identificados os levan as artesás para darlles un baño de vapor para a perfecta fixación das flores e follas. E non antes dunha semana, enviarán de volta os panos finalizados a cada participante. Quendas de 2 horas. Mañá e tarde. 12 persoas por quenda. Pódese participar a partir dos **12 anos**.

Eugenio Soto

Demostración de talla de vidro a cargo de Eugenio Soto, con torno eléctrico, cos catro pasos do proceso de traballo: marcado, rebaixado, afinado e pulido.

E NO VESTIBULO DO ÁGORA...

La Parabólica

Participación nunha instalación a base de vimbio empregando a técnica de cestería. Participación espontánea e colaborativa. A cargo da recente gañadora do Premio Artesanía de Galicia 2024, Julia de la Cal.

INSCRICIÓNS: www.galegadeartesans.org/oficiosenaccion/

Patrocina:



Organiza:

GALEGA DE ARTESANS

oficioarte
organización de los artesanos de España

